

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 13 DE XULLO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Carballo dun treito da estrada autonómica AC-552, xunto co seu dominio público viario.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado dos treitos comúns no Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa, de clave 2025/002.
- Acordo polo que se aproba o proxecto de trazado de treitos comúns no Camiño Inglés, de clave 2024/128.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e licitación electrónica, da prestación do servizo de mantemento dos edificios administrativos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo importe de licitación de quince millóns cincocentos sesenta e seis mil setecentos oitenta e oito euros con setenta e catro céntimos 15.566.788,74 €, e cun valor estimado do contrato de trinta millóns oitocentos setenta e seis mil douscentos setenta e cinco euros con dezaioito céntimos (30.876.275,18 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e Amicos, Asociación para a Atención e Integración de Persoas con Discapacidade Intelectual, Autismo Parálise-Dano Cerebral e as súas Familias para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Amicos, polo importe máximo de cento cincuenta e dous mil setecentos setenta e cinco euros con sesenta e dous céntimos (152.775,62 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación de Padres de Personas con Trastorno do Espectro Autista (T.E.A.) de la Provincia de A Coruña (Aspanaes) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade aos CEEPR Aspanaes A Coruña, Aspanaes Duques de Lugo, Aspanaes Ferrol e Aspanaes As Pontes, polo importe máximo de catrocentos once mil cento oitenta e tres euros con cincuenta e seis céntimos (411.183,56 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Fundación Menela para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Menela, polo importe máximo de noventa e oito mil oitocentos dezaioito euros con corenta e oito céntimos (98.818,48 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Nuestra Señora de Chamorro, polo importe máximo de vinte e tres mil cincocentos vinte euros con noventa e dous céntimos (23.520,92 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR HC San Rafael de Vigo, polo importe máximo de cincuenta e cinco mil novecientos cincuenta e dous euros con cincuenta e dous céntimos (55.952,52 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR San Xerome Emiliani, polo importe máximo de noventa e oito mil douscentos oitenta e nove euros con oitenta e dous céntimos (98.289,82 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Centro Juan María – Asociación Esperanza Valle Miñor para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Juan María, polo importe máximo de oitenta e seis mil cincocentos corenta e un euros con oitenta e dous céntimos (86.541,82 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e Aceesca, Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aceesca, polo importe máximo de douscentos vinte catro mil trescentos vinte e nove euros con oitenta e catro céntimos (224.329,84 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer-Aspace para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade aos CEEPR Amencer-Aspace e ao CEEPR Princesa Letizia, polo importe máximo de cento sesenta e cinco mil catrocentos trinta e seis euros con setenta e seis céntimos (165.436,76 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (Aspace) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aspace, polo importe máximo de cento dezaseis mil novecientos corenta e seis euros (116.946,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aspanaex, polo importe máximo de corenta e seis mil cincocentos sete euros con oitenta e catro céntimos (46.507,84 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Nuestra Señora de Lourdes, polo importe máximo de cento doce mil setecentos vinte e cinco euros con sesenta e dous céntimos (112.725,62 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación Autismo Bata para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Bata - Os Mecos, polo importe máximo de catorce mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta céntimos (14.462,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Ilustre Mestre, polo importe máximo de trinta e catro mil cento vinte e seis euros con dezaseis céntimos (34.126,16 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e ASCM Ferrolterra, S.L., para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de setenta e un mil catrocentos dous euros con noventa e dous céntimos (71.402,92 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e I-LAB Centro Especial de Empleo, S.L., para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de noventa e nove mil novecentos trinta euros con noventa e oito céntimos (99.930,98 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega, para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Lenda Educativa, polo importe máximo de douscentos cinco mil seiscentos noventa e sete euros con dous céntimos (205.697,02 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE), para a prestación de servizos educativos ao alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave para o curso escolar 2026/27, por un importe de trescentos oitenta e dous mil douscentos cincuenta e catro euros con dous céntimos (382.254,02 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e establecer pagamentos anticipados e a conta en porcentaxe superior ao recollido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2026 a 2028, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria. Importe total: dezaioito millóns catrocentos cincuenta e tres mil setecentos dez euros con vinte e tres céntimos (18.453.710,23 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación para a selección de socio/s estratéxico/s para a formalización de acordo/s de asociación para o desenvolvemento precomercial de tecnoloxías duais a través de equipos, sistemas e aplicacións no ámbito da seguridade, a defensa e o aeroespazo no marco da Iniciativa Estratéxica en Seguridade, Defensa e Aeroespazo da Xunta de Galicia, por un importe de corenta millóns de euros (40.000.000,00 €).
- Acordo polo que se declara de interese autonómico a creación dunha área empresarial denominada "Parque empresarial da Caniza", no concello da Caniza (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Bueu para a urbanización da rúa Pazos Fontela. Fase 1, por importe total de dous millóns trescentos oitenta e tres mil cincocentos sesenta e catro euros con noventa e dous céntimos (2.383.564,92 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego da Vivenda e Solo á licitación das obras de construción dun edificio para 55 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais na parcela M-V-4 do Plan Parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra), cun presuposto de licitación de once millóns oitocentos vinte e tres mil douscentos sesenta euros con noventa céntimos (11.823.260,90 €), IVE incluído, e un valor estimado de dez millóns setecentos corenta e oito mil catrocentos dezanove euros (10.748.419,00 €), IVE excluído.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada "Rolda Este Ourense. Treito Bemposta N-525", cun orzamento base de licitación de doce millóns setecentos setenta e seis mil trescentos cincuenta e sete euros con trinta e un céntimos (12.776.357,31€) e un valor estimado de dez millóns cincocentos cincuenta e oito mil novecentos setenta e dous euros con noventa e oito céntimos (10.558.972,98 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello da Laracha, para a execución das obras de Humanización e infraestruturas do contorno do CEIP Otero Pedraio, por un importe de catrocentos sesenta e oito mil catrocentos noventa e tres euros con corenta céntimos (468.493,40 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Sarria para levar a cabo a substitución da cuberta da Casa do Marqués (Vila Andrea), por importe de cento cincuenta e oito mil cento setenta e oito euros con trinta céntimos (158.178,30 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello das Neves para a mellora do equipamento do Auditorio José Gil, por importe de noventa e nove mil trescentos cinco euros con oitenta e sete céntimos (99.305,87 €).
- Acordo polo que se autoriza a realización de pagos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas para o desenvolvemento de accións de dinamización profesional e sectorial no eido escénico en 2026, por importe de trinta e seis mil trescentos oitenta e cinco euros con sesenta e tres céntimos (36.385,63 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da licitación do “Servizo para a redacción de estudos ambientais e redacción de proxectos de dragaxe da entidade pública empresarial Portos de Galicia. 2026”, cun orzamento base de licitación de dous millóns cincocentos setenta mil setecentos sesenta e nove euros con noventa e dous céntimos (2.570.769,92 €) IVE incluído.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as novas solucións de depuración promovidas por Augas de Galicia e o esforzo investidor asociado.
- Informe sobre a situación hidrolóxica actual e as medidas adoptadas por Augas de Galicia ante escenarios de seca ou escaseza de auga.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o balance do equipamento para o Novo Hospital de Montecelo.
- Informe sobre a Orde pola que se regula a sinalización das prohibicións establecidas na Lei 6/2025, do 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre os resultados das convocatorias do ano 2026 das axudas ás federacións e asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización comercial.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as axudas concedidas en 2026 para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos mariños e de arribazóns de algas (Marlimpo).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE CARBALLO DUN TRAMO DE 1 KM DA ESTRADA AC-552, CORRESPONDENTE Á AVENIDA DE FISTERRA

- O cambio de titularidade deste treito urbano, dun quilómetro de lonxitude, fora acordado no convenio asinado entre a Xunta e o Concello de Carballo para as obras de humanización e mellora da avenida de Fisterra
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Carballo dun treito urbano dun quilómetro da AC-552, correspondente á avenida de Fisterra.

En concreto, apróbase a transferencia do dominio público viario asociado a este treito urbano da AC-552, entre o punto quilométrico 31+900, no cruce da avenida coa rúa do río Anllóns, e o 32+920, finalizando pasada a rotonda de acceso principal ao Parque comercial A Revolta.

Este cambio de titularidade do tramo fora acordado no convenio asinado entre a Xunta e o Concello de Carballo para abordar as obras de humanización e mellora da citada avenida de Fisterra, que conta cun investimento total de 2 M€, do que a Administración autonómica financia o 70 %.

A transferencia deste viario tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Carballo terá a competencia para actuar neste treito de estrada, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA ACTUACIÓNS EN 40 TREITOS DOS CAMIÑOS DO NORTE E INGLÉS NO MARCO DO PLAN DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DOS PEREGRINOS

- O Consello aprobou os trazados definitivos dos treitos comúns nestas dúas rutas, cun investimento total de 8 M€
- Rueda resalta que se levarán a cabo “sendas peonís ou pasarelas”, das que se beneficiarán os veciños e peregrinos en preto de 20 concellos das provincias de A Coruña e Lugo
- A Xunta destina 40 M€ a este Plan de Mellora que permitirá actuar en 150 km das diferentes rutas xacobeas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou definitivamente os trazados definitivos dos treitos comúns no Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa, e no Camiño Inglés, o que permitirá “realizar melloras de seguridade viaria en 40 treitos” destas rutas xacobeas, cun orzamento total de 8 M€ e coa previsión de que “a principios do ano que vén estean todas as obras adxudicadas”.

O proxecto do Camiño do Norte implica actuacións en 27 treitos da ruta, que cruzan dez municipios distintos. Sete están localizados no concello de Boimorto -dos que dous implican obras en tramos compartidos co de Arzúa-, catro no de Ribadeo, outros catro no de Vilalba e catro máis no de Sobrado.

Tres treitos localízanse no concello de Guitiriz -dos que un transita tamén por Begonte- e en Trabada e Friol sitúanse dous treitos por cada municipio. Por último, un dos tramos afectados está no concello do Pino.

No caso do Camiño Inglés, o proxecto comprende a execución de diversas sendas peonís segregadas nun total de 13 treitos comúns que coinciden con estradas de titularidade autonómica, provincial e municipal, situados en sete concellos distintos.

Así, en Carral e Cabanas localízanse tres dos tramos afectados, respectivamente. Dous deles pasan por Betanzos. En cada un dos municipios de Paderne, Miño, Cambre e Santiago de Compostela hai un treito no que se realizarán actuacións, aos que hai que sumar un último tramo, situado entre os concellos de Miño e Paderne, que tamén experimentará obras.

Os trazados definitivos dos dous Camiños chegan despois de someter ao trámite de información pública ambos os proxectos, un período no que se recibiron alegacións e informes. Tras deste procedemento, elevouse ao Consello da Xunta a aprobación dos dous acordos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As actuacións empréndense “onde a ruta coincide con estradas, e polo tanto é necesario mellorar a seguridade viaria, garantila”. Con esta finalidade de mellorar a seguridade tanto de peóns como de peregrinos e de reducir a súa exposición ao tráfico rodado, así como de fomentar a mobilidade sostible, habilitaranse sendas peonís, pasarelas e muros de contención.

A Xunta de Galicia está a realizar traballos de mellora na seguridade viaria nas distintas rutas xacobeas, co horizonte no próximo Ano Santo 2027. Tal e como explicou o presidente están previstas actuacións en máis de 150 quilómetros dos nove Camiños de Santiago, para o que se estima un investimento de 40 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A LICITACIÓN DO NOVO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SEUS EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS

O contrato, que conta cun orzamento de máis de 15,5 M€, está previsto que entre en vigor o 16 de decembro de 2026 por un período de 24 meses prorrogable outros 24 meses máis

O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación do expediente de gasto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios administrativos da Xunta de Galicia coa previsión de que entre en vigor o 16 de decembro de 2026 cunha duración de 24 meses e poida prorrogarse durante outros 24 meses máis. O orzamento de licitación será de máis de 15,5 millóns de euros, polo que o importe global desta nova licitación por dúas anualidades ascende a case 31 millóns de euros.

O orzamento de licitación incrementábase con respecto á anterior contratación, cando o orzamento base de licitación acadaba 12,6 millóns de euros e o valor estimado do contrato situábase en 25 millóns de euros. Este incremento do gasto dun 23 % explícase, entre outras razóns, polo incremento de superficie, persoal e volume de horas anuais.

En concreto, o contrato actualmente vixente, adxudicado no ano 2022 cunha vixencia de 24 meses prorrogable outros 24 meses, rexistrou varias modificacións que se manterán na nova licitación e estiveron dirixidas a incluír novas superficies e prestacións para adaptalas ás necesidades reais do servizo. A primeira modificación estendeu o servizo a Augas de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), así como aos equipos de enerxía térmica de biomasa no edificio administrativo de Monelos. A segunda incluíu as dependencias anexas ao edificio administrativo de Ferrol e a terceira recolleu a adaptación dos ascensores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITA O SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO AO ALUMNADO DE 17 ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO E CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

O Consello autoriza a sinatura de addendas aos convenios de colaboración coas 17 entidades, por un orzamento de máis de 2 M€, case un 6 % máis que no curso anterior, para garantir unha ensinanza en igualdade de condicións a case medio milleiro de alumnos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura das addendas para facilitar o transporte escolar adaptado ao alumnado de 17 entidades especializadas na atención á diversidade cun orzamento superior 2 millóns de euros que se achegarán ao longo do curso 2026/27, case un 6 % máis que o destinado ao curso que rematou, no que se destinaron máis de 1,9 millóns de euros.

Deste xeito, o Goberno galego colabora con entidades sen ánimo de lucro e centros especiais de emprego para posibilitar o desprazamento do alumnado con distintos tipos de discapacidade que, por exixencias de carácter académico, foi escolarizado en centros privados e noutras entidades públicas, a utilización do servizo de transporte escolar e a súa atención específica e personalizada.

Así, a Xunta, no marco do seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, garante a este sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente o acceso á ensinanza en igualdade de condicións que o resto de nenos e nenas en idade escolar. Trátase de 79 rutas que empregan arredor de 467 alumnos e alumnas para acudir a máis dunha vintena de centros das distintas entidades asinantes.

Con estas addendas, o Goberno galego cubre o 100 % do gasto derivado da prestación do servizo de transporte. Pola súa banda, a función de acompañamento e atención do alumnado en cada desprazamento corresponde ao persoal auxiliar que as asociacións se comprometen a facilitar para o efecto, se ben nos vehículos poderán viaxar os coidadores daquelas persoas que, debido á súa discapacidade, precisen dun acompañamento individualizado, continuo e permanente.

A través destes acordos, o Goberno galego faise cargo do 100 % do gasto derivado da prestación do servizo de transporte. Pola súa banda, as asociacións comprométense a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. De feito, a función de acompañamento e atención do alumnado en cada desprazamento corresponde ao persoal auxiliar que as asociacións se comprometen a facilitar para o efecto, ben que nos vehículos poderán viaxar os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coidadores daquelas persoas que, debido á súa discapacidade, precisen dun acompañamento individualizado, continuo e permanente.

En concreto, asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa Asociación de Apoio a Persoas con Diversidade Intelectual (Aceesca), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer), coa Asociación para a Atención e Integración de Persoas con Discapacidade Intelectual, Autismo, Parálise-Dano Cerebral e as súas Familias (Amicos), con ASCM Ferrolterra, coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (Aspace), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación Autismo BATA, coa Asociación Autismo Ourense, coa Asociación Benéfica y Social de Padres y Amigos A Esperanza do Val Miñor, con Hogar y Clínica San Rafael de Vigo, con I-LAB Centro Especial de Empleo, S.L., coa Asociación Nuestra Señora de Chamorro, coa Asociación San Xerome Emiliani, coa Fundación Menela e co centro Lenda Educativa Sociedade Cooperativa Galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIRÁ CON 400.000 € Á ONCE PARA A ATENCIÓN DE CASE DE 300 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE VISUAL

O Consello autoriza a renovación do convenio para reforzar a atención especializada aos estudantes con cegueira ou deficiencia visual grave

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE) dotado con case 400.000€ (380.000 €), consolidando o seu compromiso coa inclusión educativa e coa atención especializada ao alumnado con discapacidade visual.

Grazas a este acordo, no vindeiro curso prestarase apoio a preto de 300 alumnos con cegueira ou deficiencia visual grave escolarizados en centros de ensino regrado de Galicia, que terán á súa disposición un equipo de profesionais especializados que desenvolverá o seu labor en coordinación cos centros educativos e coas familias.

No marco deste convenio, sete docentes especializados ofrecerán atención directa ao alumnado nas catro provincias galegas. A distribución será a seguinte: tres mestres na provincia da Coruña (dous na cidade da Coruña e un en Santiago de Compostela), un en Lugo, un en Ourense e dous na provincia de Pontevedra (un en Vigo e outro en Pontevedra). Estes profesionais, pertencentes ao corpo de mestres, desempeñarán a súa función en réxime itinerante co alumnado de educación primaria, 1º e 2º da ESO, así como co alumnado escolarizado en centros ou unidades de educación especial.

Ao abeiro deste convenio, a Consellería comprométese tamén a proporcionar aos centros educativos os materiais e recursos necesarios para garantir a plena inclusión do alumnado cego ou con discapacidade visual. Entre outras actuacións, impulsaranse as medidas precisas para que os centros remitan antes da finalización do curso escolar a relación de libros e materiais curriculares, co obxectivo de facilitar a súa adaptación mediante transcripción ao sistema braille, gravación ou outros formatos accesibles.

Pola súa banda, a ONCE achegará apoio técnico e material, poñendo á disposición das familias os seus centros especializados e habilitando axudas económicas para atender necesidades educativas específicas. Ademais, encargárase da formación do profesorado e promoverá accións de sensibilización nos centros educativos para dar a coñecer a realidade das persoas con discapacidade visual.

Este acordo reafirma a aposta da Xunta por unha escola cada vez máis inclusiva, reforzada tamén cun maior esforzo orzamentario. Galicia é na actualidade a comunidade autónoma con maior inclusión educativa do Estado, cun 91,3 % do alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centros ordinarios, oito puntos por riba da media nacional (85,2 %). Un modelo consolidado sustentado no labor diario de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

preto de 5.000 profesionais dedicados á atención á diversidade e que continuará avanzando a través do Plan de atención á diversidade, en colaboración coas familias, as entidades sociais e os colectivos implicados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 18 M€ A CONSOLIDAR A REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ E A CREAR ATA OITO NOVAS UNIDADES

- Aprobada unha nova convocatoria de axudas para o período 2026-2028 destinada aos concellos para blindar este servizo público gratuito de atención á infancia
- Estes recursos son fundamentais para dar resposta o antes posible ás necesidades de nenos de 0 a 6 anos con problemas de desenvolvemento ou risco de padecelos

O Consello da Xunta de hoxe aprobou unha nova orde plurianual de axudas destinadas aos concellos para consolidar e seguir estendendo por toda a comunidade a Rede galega de atención temperá, un servizo público e gratuito para as familias que é fundamental para previr, detectar e actuar ante problemas de desenvolvemento que poidan xurdir en nenas e nenos de 0 a 6 anos. O orzamento desta convocatoria é de 18,4 millóns de euros para o período 2026-2028, un 14 % máis que na anterior.

A través destas subvencións, a Xunta consolida as unidades de atención temperá existentes e financiará a creación de ata un máximo de oito novas. Nos últimos anos o Goberno galego deu un forte impulso a este servizo e desde 2009 ata o día de hoxe, a nosa comunidade pasou de ter só dúas unidades ás máis de 50 que están en funcionamento na actualidade. Este crecemento supuxo pasar de cubrir unicamente 15 concellos con estes recursos a superar os 200 nestes momentos e a beneficiar as familias de máis de 6.000 menores.

Ademais destes servizos de proximidade, Galicia dispón de recursos de atención temperá nos centros hospitalarios, de catro unidades nas comarcas do Deza, Salnés e Bergantiños xestionadas pola Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) e de equipos de orientación específicos no ámbito educativo.

Esta nova convocatoria de axudas, que nos vindeiros días se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), dá continuidade ás oito anteriores aprobadas pola Xunta para consolidar a Rede autonómica de atención temperá. A orde está cofinanciada pola Unión Europea (UE) no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DESTINA 40 M€ PARA ATRAER GRANDES PROXECTOS DE SEGURIDADE, DEFENSA E AEROESPAAZO E POTENCIAR ESTAS INDUSTRIAS EN GALICIA

- Salienta que será unha medida “pioneira en España” que se realizará a través da fórmula da Compra Pública Precomercial
- O Goberno galego seleccionará socios tecnolóxicos para desenvolver solucións innovadoras en tecnoloxías duais e captar investimentos de alto valor engadido
- A conselleira de Economía e Industria resalta que a fabricación en Galicia será un criterio clave no proceso de selección co obxectivo de consolidar cadeas de valor e xerar emprego cualificado e de calidade
- A iniciativa dará resposta a necesidades en ámbitos como emerxencias, protección civil, vixilancia do litoral, mobilidade ou ordenación do territorio e avalouse por un diálogo estratéxico no que participaron 78 empresas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello vén de aprobar “destinar 40 millóns de euros a atraer a Galicia grandes proxectos industriais de seguridade, defensa e aeroespazo”. Unha medida na que a comunidade “será pioneira en España”, que se realizará a través da fórmula da Compra Pública Precomercial, e que se enmarca na Iniciativa Estratéxica de Seguridade, Defensa e Aeroespazo 2025-2030 (Iesda) aprobada polo Goberno galego o ano pasado.

A través desta actuación, a Xunta busca impulsar novas capacidades industriais e atraer grandes proxectos de innovación e desenvolvemento tecnolóxico que leven asociada a fabricación en Galicia, para xerar valor engadido, investimento produtivo e emprego cualificado. “Queremos aproveitar a oportunidade dun sector estratéxico como o da defensa e a seguridade”, indicou Rueda.

Tal e como explicou a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, os proxectos seleccionados deberán desenvolver solucións innovadoras para responder a retos identificados pola Xunta en ámbitos tan diferentes como a seguridade e a defensa; as emerxencias, a protección civil e a busca e rescate; a xestión e vixilancia do litoral e do medio mariño; a ordenación do territorio, o medio ambiente e os recursos naturais; o medio rural e os seus sectores produtivos; a protección das infraestruturas críticas; a ciberseguridade e as comunicacións seguras; a mobilidade e a loxística pública ou a atención social e sanitaria en contornas dispersas. “Teñen que ser proxectos de tecnoloxías duais, é dicir, tanto para o ámbito civil como o de defensa”, indicou.

A convocatoria avalouse por un pioneiro diálogo estratéxico coa industria no que participaron 78 empresas que amosaron o seu interese por formar parte desta actuación e desenvolver proxectos en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O procedemento está dirixido a empresas comunitarias e non comunitarias, así como a agrupacións de operadores económicos cun volume de negocio anual medio igual ou superior aos 5 millóns de euros nos ámbitos da defensa, a seguridade ou o aeroespazo durante os tres últimos exercicios e que acrediten experiencia no desenvolvemento de proxectos de I+D+i ou comerciais de alta tecnoloxía nestes sectores.

Entre os criterios de avaliación a Xunta terá en conta a estratexia industrial, o programa de I+D+i proposto, os medios e recursos comprometidos e o impacto económico e social previsto para Galicia porque, ademais, tal e como resaltou a conselleira, a fabricación en Galicia incorpórase nesta ocasión como un criterio relevante para a selección dos novos socios estratéxicos e tecnolóxicos co obxectivo de reforzar a cadea de valor galega e maximizar o retorno industrial.

A selección realizarase mediante un diálogo competitivo estruturado en tres fases, un procedemento que permitirá contrastar e perfeccionar as propostas antes da presentación das ofertas finais vinculantes. O prazo para presentar solicitudes de participación permanecerá aberto ata o vindeiro 30 de setembro.

Máis de 500 empregos directos

Esta licitación constitúe a primeira das tres grandes actuacións previstas no Programa Ecosistema da Iniciativa Estratéxica en Seguridade, Defensa e Aeroespazo (lesda), que, implicará 621 millóns de euros de investimento público e privado -o do Goberno galego ascendería a 84 millóns de euros-, aspira a mobilizar 900 millóns de euros e crear máis de 500 empregos directos de alta cualificación ata o ano 2030.

O Programa Ecosistema tamén prevé o desenvolvemento de grandes proxectos de soberanía tecnolóxica e a creación de consorcios galegos para participar en proxectos e programas estratéxicos nacionais e europeos.

En realidade, Galicia xa é pioneira no impulso dos acordos de asociación con socios estratéxicos e tecnolóxicos. Trátase dun instrumento consolidado da política industrial da Xunta. Así, en apenas dez anos -desde 2015- desenvóléronse dúas licitacións de compra pública precomercial nas que participaron algunhas das principais compañías mundiais do sector aeroespacial, culminando coa sinatura de seis acordos de asociación con empresas como Airbus, Boeing, Indra, Aertec, Tecnobit, Telespazio e Avincis

A Iniciativa Estratéxica en Seguridade, Defensa e Aeroespazo naceu coa ambición de aproveitar as oportunidades que o novo contexto internacional e reforzar o posicionamento de Galicia nestes sectores de alto valor engadido.

No marco da lesda, a Xunta xa puxo en marcha distintos instrumentos de apoio ao tecido empresarial como as Axudas Industria Dual 2026, dotadas con 6 millóns de euros, e dirixidas ao desenvolvemento de proxectos de investimento produtivo de bens e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

servizos tecnolóxicos de uso dual (civil e militar) destinados aos ámbitos da seguridade, a defensa e o aeroespazo.

Tamén se convocaron as axudas ao posicionamento de empresas galegas como subministradoras en materia de seguridade e defensa, cun orzamento de 1,5 millóns de euros, para o período 2026-2027. Estas axudas buscan facilitar a obtención de certificacións específicas para poder ofrecer os seus servizos e produtos nos ámbitos da defensa e a seguridade. A dita convocatoria, pendente de resolución, recibiu un total de 52 propostas de empresas de sectores estratéxicos como o naval, metalmecánico, aeroespacial, industria das TIC, transporte, automoción ou construción. Ademais, a Xunta promove, en colaboración coa Escuela de Organización Industrial (EOI), o programa executivo en industria de defensa en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE INTERESE AUTONÓMICO O FUTURO PARQUE EMPRESARIAL DA CANIZA

- A nova infraestrutura conta cun orzamento estimado de 35 millóns de euros e permitirá dotar a este municipio da comarca pontevedresa da Paradanta de preto de 850.000 metros cadrados de solo industrial
- O proxecto inclúe a construción dun viario principal, que conecta o polígono coa rotonda existente na estrada EP-5005, e dous viarios secundarios de acceso ás parcelas

O Consello da Xunta acordou hoxe declarar Proxecto de Interese Autonómico (PIA) a construción dun parque empresarial no municipio pontevedrés da Caniza, proposta que permitirá dotar a este concello da comarca da Paradanta de 846.543 metros cadrados de solo industrial cun investimento estimado de 35 millóns de euros.

O acordo do Goberno galego tómase despois do protocolo asinado entre a Consellería de Economía e Industria, o Concello da Caniza e o Consorcio da Zona Franca de Vigo o pasado 24 de marzo, que establece que este último organismo será o responsable da elaboración do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (Peose) e da execución das obras.

A nova área empresarial estará localizada ao carón da Autovía das Rías Baixas (A-52) e contribuirá á conexión territorial e ao desenvolvemento económico da comarca. O proxecto contempla un viario principal, que conecta o ámbito coa rotonda existente na estrada EP-5005, e dous viarios secundarios de acceso ás parcelas. Tamén incorpora áreas verdes, unha ampla zona para aparcamento e conserva un campo de fútbol existente, como equipamento público.

A Xunta atende así a solicitude do Concello da Caniza para promover unha nova área empresarial neste municipio pontevedrés, que se sumará aos 3,2 millóns de metros cadrados que xa está impulsado o Goberno galego na provincia de Pontevedra, cun investimento previsto de 138,6 millóns de euros ata o ano 2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A ACHEGA DE PRETO DE 1,7 M€ PARA A URBANIZACIÓN DA TRAVESÍA DA ESTRADA PO-315, COINCIDENTE COA RÚA PAZOS FONTELA, EN BUEU

- O Executivo aproba o convenio co Concello por preto de 2,4 M€ para executar as obras da primeira fase da humanización dun dos principais eixos urbanos do municipio, desde o cruzamento da Escola Náutica ata a contorna de Fonte da Abilleira
- Priorizará a mobilidade peonil, con beirarrúas mais amplas que permitan incorporar espazos de descanso e estacionamento puntual para activar a economía local
- A intervención inclúe a renovación integral da plataforma viaria e das beirarrúas, a substitución das redes de abastecemento, saneamento e drenaxe, así como a incorporación de solucións de drenaxe sostible para reducir o risco de inundacións
- A Xunta achegará preto de 1,7 M€, o 70 % do financiamento das actuacións, asumindo a Administración local o 30 % restante do custo das obras, que tamén executará
- O Concello de Bueu acepta tamén a transferencia do treito da PO-315, entre os puntos quilométricos 0+000 e 1+090, nos que se realizan as obras

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas co Concello de Bueu para impulsar a primeira fase de urbanización da travesía da estrada PO-315, coincidente coa rúa Pazos Fontela, que suporá un orzamento global de preto de 2,4M€ (2.383.564,92 €).

Con este acordo, trátase de humanizar algo máis dun quilómetro de lonxitude desta vía autonómica, entre os puntos 0+000 e 1+090, desde o cruzamento da Escola Náutica de Bueu ata a contorna de Fonte da Abilleira.

O obxectivo da intervención nesta travesía da PO-315, que conta cunha intensidade media diaria de 4.229 vehículos/día, dependendo do subtreito, é priorizar a mobilidade peonil, executando beirarrúas mais amplas que permitan incorporar espazos de descanso e estacionamento puntual para activar a economía local

Con este acordo, o Goberno galego aposta por apoiar un proxecto que permitirá transformar un dos principais eixos urbanos de Bueu, mediante a renovación integral da plataforma viaria e das beirarrúas, a substitución das redes de abastecemento, saneamento e drenaxe, así como coa incorporación de solucións de drenaxe sostible para reducir o risco de inundacións.

Deste xeito, as obras inclúen a demolición do pavimento para o axuste do novo trazado e dimensión dos viarios e beirarrúas, a execución de gabias para a instalación das novas redes (saneamento, abastecemento e eléctricas), a redistribución das zonas estacionamento e sinalización, e a urbanización superficial (firmes e pavimento e sinalización).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O acordo

No que se refire aos compromisos establecidos no acordo de colaboración do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o 70 % do financiamento destas actuacións, 1.668.495,44 euros.

Pola súa banda, o Concello de Bueu achega o 30 % restante, e licitará e executará as obras.

Ademais este convenio recolle como, simultaneamente, se acepta a tramitación do cambio de titularidade a favor da administración local, do treito da PO-315, entre os puntos quilométricos 0+000 e 1+090, nos que se realizan as obras. A correspondente acta de entrega será asinada antes do inicio da execución das obras.

As fases


Con esta actuación, trátase de executar esta primeira fase da intervención na PO-315 en Bueu, permitindo converter a rúa nun bulevar urbano máis accesible, seguro e sostible, priorizando a mobilidade peonil e mellorando a calidade do espazo público.

O orzamento total do proxecto ascende a 3,1 M€ e para facer viable a súa execución decidiuse dividir a actuación en tres fases. O Executivo autonómico autorizou hoxe enfrontar agora a obra que concentra a maior parte do investimento.

Para unha segunda etapa quedaría a renovación da iluminación e, para a terceira, o mobiliario urbano e arboredo, intervencións neste caso, que asumirá e executará o Concello de Bueu.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ámbito da actuación, na PO-315 en planta:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE 55 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN SAN PAIO DE NAVIA, EN VIGO

- As vivendas construíranse nunha parcela do polígono 2 de San Paio de Navia, urbanizada pola Xunta de Galicia
- O importe de licitación é de máis de 11,8 M€
- O inmovible terá baixo e cinco alturas e as futuras vivendas serán de 2, 3 e 4 dormitorios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do contrato de execución das obras de construción de 55 vivendas de promoción pública que se construíran na parcela M-V-4 do polígono 2 de San Paio de Navia, en Vigo, urbanizada pola Xunta de Galicia

O importe de licitación do contrato será de 11.823.260,90 €.

O edificio proxectado destínase a 55 vivendas de promoción pública, 55 rochos, 55 prazas de garaxe e 3 locais comerciais e construírase nunha parcela de 1.431,70 metros cadrados de superficie.

Trátase dun inmovible de dous sotos, planta baixa, catro plantas altas e ático situado na parcela M-V-4, de forma sensiblemente rectangular e que linda ao norte co vial V-V-1, ao sur coa rúa Lamelas, ao leste cunha escalinata pública e ao oeste co vial V-V-A.

As dúas plantas de soto aloxarán 55 prazas de garaxe, rochos e instalacións, mentres que a planta baixa destínase a soportal e tres locais comerciais, tres portais de acceso ás vivendas, local de uso comunitario e varios locais de instalacións e servizos.

As catro plantas altas son para uso residencial, con tres núcleos de escaleiras e ascensor, e catro vivendas por planta en cada un dos núcleos; planta ático, con tres núcleos de escaleiras e ascensor, o núcleo dous da acceso a tres vivendas e os núcleos un e tres a dúas vivendas.

Dúas das vivendas (de 3 dormitorios) e dúas das prazas de garaxe están adaptadas a persoas con mobilidade reducida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O programa das vivendas é o seguinte:

2 dormitorios	3 dormitorios	4 dormitorios	Total
14 vivendas	36 vivendas	5 vivendas	55 vivendas



Vivenda en Vigo

A Xunta de Galicia ten en marcha en Navia, en Vigo, un total de 927 vivendas de promoción pública, todas elas en parcelas urbanizadas pola Xunta de Galicia. Destes novos fogares, están en obras un total de 309 no polígono 1. Outras 215 vivendas teñen obra adxudicada e en breve comezará a súa execución e doutras 268 licitáronse as obras e están en fase de valoración de ofertas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, licitaranse proximamente as obras doutras 135 vivendas, das que 55 son os fogares cuxa contratación foi aprobada hoxe e as restantes 80 serán aloxamentos compartidos para menores de 36 anos.

O investimento mobilizado a día de hoxe, incluíndo proxectos, licitacións de obras, execución de urbanización e adquisición de solo, acada os 238 M€

Por outra banda, a Administración autonómica está a tramitar dous proxectos de interese autonómico (PIA) en Vigo para desenvolver solo onde construír vivendas, no ámbito do Ofimático e no de Ramón Nieto. No primeiro caso, o PIA, que prevé solo para 2.000 vivendas, xa conta con aprobación inicial. No ámbito de Ramón Nieto desenvolverase solo para outras 1.300 vivendas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á LICITACIÓN DAS OBRAS DA ROLDA LESTE DE OURENSE, ENTRE BEMPOSTA E A ESTRADA N-525, POR UN ORZAMENTO DE 12,7 M€

- A estrada, de 1,5 km, discorrerá polos concellos de Ourense e San Cibrao das Viñas e os traballos terán un prazo de execución de 30 meses
- O novo viario partirá da glorieta na que conflúen as estradas OU-105 e OU-510 e finalizará na nova glorieta de conexión coa N-525 e coa autovía A-52
- Entre outras estruturas, prevese un viaduto sobre o Río Barbaña, un paso inferior no cruce coa liña ADIF existente e un paso superior para dar acceso á EDAR San Cibrao
- A actuación suporá o acurtamento no percorrido ata a A-52, pasando de 7 minutos e 4,6 km entre Bemposta e a N-525 a pouco máis dun minuto e 1,7 km
- A Xunta prevé licitar as obras neste mes de xullo e adxudicalas ao longo deste segundo semestre do ano, para iniciar a súa execución no primeiro trimestre do 2027

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras da rolda leste de Ourense, que unirá Bemposta coa estrada N-525, por un orzamento de 12,7 M€.

A nova estrada, de 1,5km, discorrerá polos concellos de Ourense e San Cibrao das Viñas, beneficiando a unha poboación de 110.609 habitantes.

En concreto, o viario unirá a estrada OU-105 en Bemposta coa N-525 e completará a circunvalación polo sur da cidade conectando coa A-52. Iniciarase na glorieta existente na confluencia da estrada OU-105 coa OU-510, no núcleo de Bemposta, e desde este punto discorrerá en sentido suroeste para terminar na nova glorieta de conexión que permitirá o enlace coa N-525/OU-525 e coa autovía A-52.

Os traballos terán un prazo de execución de 30 meses. A Xunta prevé licitar as obras neste mes de xullo e adxudicalas ao longo deste segundo semestre do ano, para iniciar a súa execución no primeiro trimestre do 2027.

Con esta nova estrada, completárase un viario de circunvalación perimetral da cidade de Ourense de acordo co previsto no Plan sectorial viario de Ourense e a súa contorna.

A actuación permitirá reducir o tempo de viaxe, cun importante acurtamento na distancia de percorrido ata a autovía A-52, pasando dos 7 minutos e 4,6 km que son necesarios a día de hoxe entre Bemposta e a N-525 a pouco máis de 1 minuto e 1,7 km de lonxitude.

A intervención tamén suporá un reforzo da seguridade viaria, cunha aposta pola calidade de vida dos veciños ao sacar tráfico do centro de Ourense, desconxestionando o tránsito de rúas como Marcelo Macías ou a avenida de Zamora.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


O treito que se construíra entre Bemposta e a N-525 contará con dous carrís, un por cada sentido, de 3,5 metros cada un, e beiravías de 1,50 metros. Nas zonas de maior pendente haberá un carril adicional.

Este trazado precisa de importantes estruturas ao longo do seu percorrido, como un paso inferior no cruce onde pasa a liña de ADIF existente; un viaduto de 80 metros de lonxitude sobre o río Barbaña; e un paso superior para dar acceso á EDAR San Cibrao.

Hai que sinalar tamén que o acceso á glorieta dende ou cara á N-525/OU-525 se redefina mediante a execución de dous ramais: o ramal sur parte dende a estrada OU-525 mediante un carril de deceleración, e o ramal norte, que parte da glorieta existente, baixando ata a N-525 e entroncando co carril adicional que permite a entrada a Expourense.

O trazado discorre en terraplén nos primeiros 400 m e segue en desmorte con noiros elevados ata o p.q. 1+220, condicionado pola liña ferroviaria de ADIF. Neste punto o trazado cruza sobre o río Barbaña e entronca directamente coa glorieta existente na N-525 que non sufrirá ningunha modificación.

Plano da actuación:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DA LARACHA NAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NA CONTORNA DO CEIP OTERO PEDRAYO, QUE SUPORÁN UN ORZAMENTO DE PRETO DE 470.000 €

- A Xunta cofinanciará esta actuación, dirixida a mellorar a accesibilidade, seguridade viaria e calidade urbana desta contorna escolar, a través do Plan Hurbe
- Entre outras actuacións, abordarase a humanización do espazo, incluíndo a execución dunha senda e beirarrúas, a pavimentación de firmes e a habilitación dun aparcamento para autobuses e vehículos lixeiros
- O Goberno galego cofinanciará as intervencións coa aportación do 70 % do orzamento, ademais de licitar e executar as obras, mentres que o Concello aportará o 30 % restante

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do acordo de colaboración co Concello da Laracha para a execución das obras de humanización e dotación de infraestruturas na contorna do CEIP Otero Pedrayo, que suporán un investimento conxunto de preto de 470.000 € (468.493 €).

A través desta actuación executaranse as obras necesarias para mellorar a accesibilidade, seguridade viaria e calidade urbana desta contorna escolar. Deste xeito, abordarase a humanización do espazo, incluíndo a execución dunha senda e beirarrúas, a pavimentación de firmes e a habilitación dun aparcamento para autobuses e vehículos lixeiros.

Os traballos completaranse para novo alumeado público, a dotación de mobiliario urbano e a rede de pluviais. O prazo de execución das obras será de 6 meses.

No marco desta cooperación, o Goberno galego cofinanciará nun 70 % estas intervencións (con 327.945 €), e contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello da Laracha achegará o 30 % restante do custo das actuacións (140.548 €), realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

A colaboración autorizada hoxe no Consello da Xunta enmárcase no Plan Hurbe, o programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar ás administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, coincidentes neste caso coa realización de actuacións de mellora de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través de liñas de colaboración cos concellos como o Plan Hurbe, a Xunta contribúe a promover o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais da comunidade autónoma como motores de dinamización ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 158.000 € A RENOVAR A CUBERTA DO EQUIPAMENTO CULTURAL CASA DO MARQUÉS EN SARRIA

- O Consello dá luz verde á sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello para levar a cabo a actuación
- O investimento vai na liña do Goberno galego de procurar as mellores infraestruturas ao longo de todo o territorio para desenvolver actividades
- O espazo, un edificio de estilo indiano, acolle unha continuada programación que contribúe á dinamización e participación cidadá
- Os traballos, divididos en dúas anualidades, consisten en substituír a actual infraestrutura de zinc por outra do mesmo material

A Xunta de Galicia alcanzará 158.000 € para levar a cabo a substitución da cuberta do inmovible coñecido como Casa do Marqués no concello de Sarria, un espazo localizado no ámbito da Praza da Vila que acolle de maneira continuada diversas iniciativas culturais e funciona como un equipamento de referencia para as actividades do municipio.

Faino a través dun convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Sarria para realizar esta actuación á que se destinan 40.500 € nesta anualidade e 117.600 no 2027. Deste xeito, o Goberno galego continúa na súa liña de procurar as mellores infraestruturas culturais ao longo de todo o territorio para ofrecer un servizo de calidade á cidadanía.

Neste senso, o investimento responde ás necesidades de acondicionamento dun inmovible esencial para a dinamización cultural da localidade e participación da veciñanza a través das programacións tanto da propia administración local como doutras entidades e asociacións. Ademais, o edificio, de estilo indiano, ten o valor engadido de figurar no catálogo de elementos de protección especial por razóns históricas, artísticas, monumentais, tradicionais ou diferenciais do núcleo urbano do municipio, así como no ámbito de delimitación do BIC do Camiño Francés.

Os traballos consistirán en substituír a actual cuberta de zinc por outra do mesmo material. Aínda que ao longo do tempo xa se realizaron distintas reparacións e actuacións puntuais, a estrutura segue a presentar un avanzado estado de deterioración, con numerosas filtracións de auga que están a provocar un progresivo empeoramento da súa conservación, circunstancia que pode derivar en danos de maior gravidade no resto da edificación e comprometer a preservación do inmovible.

Centro de dinamización e cohesión social

A localización céntrica da Praza da Vila e da Casa do Marqués, xunto coa súa proximidade ao casco histórico de Sarria e ao paso do Camiño Francés, converte este enclave nun punto de encontro habitual para veciñanza, visitantes e persoas peregrinas, favorecendo a convivencia, a difusión cultural e a proxección exterior do municipio. Así,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desde a Xunta valorouse a achega conforme a importancia para a cohesión social e acceso á cultura destas instalacións, que contribúen a cumprir cos obxectivos marcados na Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 99.300€ PARA MELLORAR O EQUIPAMENTO DO AUDITORIO JOSÉ GIL, NO MUNICIPIO PONTEVEDRÉS DAS NEVES

- O Consello dá luz verde á sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello para as actuacións a realizar durante 2026 e 2027
- O proxecto dotará ao espazo escénico e cultural máis importante desta localidade dunhas infraestruturas modernas, eficientes e adaptadas ás necesidades actuais
- O investimento vai na liña do Goberno galego de modernizar as instalacións para acoller e desenvolver estas actividades por todo o territorio e tamén da folla de ruta da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia

O Goberno galego achegará máis de 99.300€ para mellorar o equipamento do Auditorio José Gil, o espazo escénico e cultural máis importante do municipio pontevedrés das Neves, despois de que o Consello da Xunta dese luz verde ao convenio entre a Consellería de Cultural, Lingua e Xuventude e o Concello para pór en marcha estas actuacións, que se levarán a cabo durante os anos 2026 e 2027.

Deste xeito, o departamento de Cultura do Goberno autonómico destinará máis de 39.600 euros a levar a cabo estas melloras, ao longo deste mesmo ano, mentres que a outra partida de máis de 59.600 euros estará destinada para obras que se desenvolverán ao longo de 2027, co obxecto de que este espazo conte cunhas infraestruturas modernas, eficientes e adaptadas ás necesidades actuais.

Cómpre incidir en que o Auditorio Jose Gil constitúe unha infraestrutura cultural estratéxica para Concello das Neves, cun papel fundamental na celebración de actividades culturais, representacións teatrais, concertos, proxeccións audiovisuais, eventos educativos e actos institucionais.

Modernizar as instalacións

No entanto, na actualidade, o inmobile presenta importantes carencias derivadas do paso do tempo e da obsolescencia das instalacións existentes, especialmente nos sistemas de iluminación e son. Polo tanto, as actuacións recollidas no convenio procuran modernizalas para garantir o correcto desenvolvemento da programación cultural, educativa e social nesta localidade. En concreto, consistirán na renovación integral do sistema de iluminación, do equipamento de son, da carpintería interior, dos revestimentos e tamén doutros elementos escénicos e funcionais do espazo.

Desta forma, xa no mesmo 2026 acometeranse traballos de renovación do alumeadado interior e tamén do escenario, ao tempo que a renovación dos equipos de son, mentres que os traballos de carpintería, revestimentos e equipamentos serán executados ao longo do ano 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, o Goberno galego continúa na súa liña de procurar as mellores infraestruturas culturais en todo o territorio da Comunidade para ofrecer un servizo de calidade á cidadanía, en liña da Lei da cultura inclusiva e accesible de Galicia, xa que se está ante unha infraestrutura relevante á hora de garantir e facilitar o acceso á programación e creación cultural, independentemente do territorio no que unha persoa viva.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REAFIRMA A SÚA COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ESCENA GALEGA PARA CONTINUAR CO AVANCE DO SECTOR COMO INDUSTRIA CULTURAL

- Apróbase a renovación do convenio cunha dotación de 28.000 euros co obxectivo de sufragar labores de asesoramento nas áreas legal, de administración, difusión e comunicación
- O acordo inclúe a celebración da sexta xornada de venda e promoción escénica, que terá lugar o vindeiro 20 de outubro na Cidade da Cultura de Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación do convenio de colaboración coa Asociación de Empresas de Artes Escénicas-Escena Galega por valor de 28.000 euros, dotación destinada a distintas actividades promovidas polo colectivo cara a progresar na profesionalización do sector e reforzar a súa posición como industria cultural dedicada á produción de espectáculos de teatro, danza e artes do movemento, novo circo e ilusionismo.

O acordo, enmarcado na liña de dinamización cultural de asociacións, federacións e colectivos do eido escénico, musical e audiovisual dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, dálle continuidade ao texto asinado en 2025. Así, prevese o mantemento de *Acompaña*, proxecto de consultaría personalizado nas áreas de xestión económica e empresarial, de comunicación, de distribución e de asesoramento lingüístico. Tamén prevé os labores necesarios para a aplicación nas compañías galegas de ferramentas e accións que se prestan a través da Federación Estatal de Asociacións de Empresas de Teatro e Danza, así como a celebración da cuarta edición dos Recoñecementos Escena Galega, outorgados o pasado 30 de xuño para distinguir a dedicación especial das persoas e a excelencia dos proxectos.

Entre as futuras iniciativas propostas que serán apoiadas mediante este convenio, destaca a celebración da sexta xornada de venda e promoción escénica, dirixida aos profesionais da programación cultural de Galicia e do norte de Portugal, que terá lugar o vindeiro 20 de outubro na Cidade da Cultura de Galicia mediante a concertación de reunións de negocio e cunha sección de presentacións de espectáculos a cargo dos seus artífices e protagonistas.

Escena Galega é actualmente a entidade que aglutina o maior peso específico dentro do sector, xa que integra 55 compañías e empresas produtoras nas distintas disciplinas. Como entidade asociativa leva desenvolvendo de forma continuada un programa de actividades e servizos de carácter colectivo e asistencial que inciden na defensa e potenciación das artes escénicas no seu conxunto de cara á súa modernización sen perder a identidade propia das compañías como motores creativos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 5 M€ Á REDACCIÓN DE ESTUDIOS TÉCNICOS PARA DRAGAXES NUNHA TRINTENA DE PORTOS AUTONÓMICOS

- Os traballos permitirán dispoñer da documentación necesarias para avanzar en proxectos de recuperación de calado en peiraos das tres provincias costeiras
- Inclúe tamén tarefas de seguimento ambiental unha vez iniciadas as obras de actuacións previstas a curto prazo como a dragaxe do Lérez, na que Portos de Galicia investirá 12 M€

A Xunta de Galicia destinará preto de 5 millóns de euros ao servizo de redacción de estudos técnicos para obras de dragaxe nunha trintena de portos de titularidade autonómica. O Consello do Executivo Galego tomou razón esta mañá do inicio da licitación por parte de Portos de Galicia do contrato que permitirá dispoñer da documentación necesaria para avanzar na tramitación destas actuación de recuperación de calado en peiraos das tres provincias costeiras.

O servizo sae a licitación por un importe inicial de 2,6 millóns de euros, IVE incluído, para un período de execución de dous anos e prevense ata tres prórrogas anuais, polo que poderá estenderse un total de 5 anos en función das necesidades, cun importe global de 4, 7 millóns de euros. Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles desde hoxe na plataforma de Contratos de Galicia, no perfil do contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia.

Este servizo responde á vontade de Portos de Galicia de planificar técnica e ambientalmente as obras de dragaxe por tratarse moitas veces das actuacións máis delicadas que require a xestión do sistema portuario galego. O ente público pretende así axilizar a tramitación das dragaxes ante a necesidade permanente destas actuacións e a complexidade da súa tramitación que, de forma xeral, prolóngase máis de dous anos pola intervención de máis de 20 organismos dependentes das administracións estatal, autonómica e local.

Na licitación do contrato contéplanse 33 portos con necesidades destes estudos aínda que esta listaxe atópase en constante actualización a medida que se producen novas necesidades. A día de hoxe figuran os peiraos de A Pobra, Aguiño, Agnete, Arcade, Cesantes, Cambados, Combarro, Camariñas, Cabo de Cruz, Cariño, Cedeira, Domaio, Escarabote, Espasante, Foz, Lorbé, Miño, Meloxo, Moaña, Morás, O Barqueiro, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Portosín, Ribadeo, Ribeira, Rianxo, Sada, Santa Cristina de Cobres (Vilaboa), Testal (Noia), Tragove (Cambados) e Vilanova de Arousa.

O contrato inclúe, ademais de estudos para a planificación de dragaxes no medio prazo, traballos ambientais necesarios durante a execución de obras que se atopan xa en tramitación e cuxa execución está prevista no curto prazo. E o caso da dragaxe do río Lérez e o porto de Pontevedra, que a Xunta ten en tramitación ambiental cun

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

investimento proxectado de 12 millóns de euros. O servizo que hoxe sae a licitación prevé o seguimento ambiental unha vez iniciada esta obra que permitirá a recuperación de calado nas instalacións portuarias de Pontevedra –tanto a dársena do club naval como As Corbaceiras- e a rexeneración dos bancos de marisqueo da ría.

72 dragaxes en 25 anos

Desde o ano 2000, Portos de Galicia leva realizadas 72 obras de dragaxe cun volume de area extraída de 1,6 millóns de metros cúbicos, o equivalente a uns 200 campos de fútbol, cun espesor medio de dragaxe dun metro. Os áridos extraídos foron empregados en máis do 50 % dos casos para outras accións –uso en obras portuarias ou rexeneración de praias e bancos marisqueiros-, mentres que o restante foi destinado aos puntos de depósito autorizados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA MÁIS DE 126 M€ PARA IMPULSAR NOVAS SOLUCIÓNS DE DEPURACIÓN, MODERNIZAR AS ESTACIÓNS EXISTENTES E MELLORAR A SÚA EFICIENCIA ENERXÉTICA

- O Consello toma razón dun informe de Augas de Galicia que recolle 12 actuacións concibidas co obxectivo de avanzar nun modelo integral que non se limita a analizar só o funcionamento da planta depuradora, senón que ten en conta cada sistema ao completo, a súa explotación a futuro e o impacto sobre o medio
- Como novidade, o paquete de intervencións deseñado polo organismo hidráulico incorpora medidas orientadas a que as instalacións consuman menos, funcionen mellor e poidan producir parte da enerxía que precisan mediante fontes renovables e aproveitando recursos propios
- Entre as actuacións máis destacadas están a ampliación da EDAR de Sada (11,8 M€), co obxectivo principal de que poida asumir unha maior carga, ou os traballos xa licitados para modernizar as instalacións de Vilagarcía de Arousa por 31,3 M€
- Cun investimento de preto de 14 M€, a Xunta xa está en disposición de asinar o convenio de colaboración para a execución da nova depuradora de Cee e Corcubión

A Xunta de Galicia mobiliza investimentos que superan os 126 millóns de euros a través da planificación, o impulso e a execución de novas solucións en materia de depuración de augas residuais co obxectivo de modernizar as infraestruturas existentes, protexer o medio natural e avanzar na eficiencia enerxética deste tipo de instalacións, que pola súa propia actividade levan asociados uns consumos moi elevados.

Son, en total, 12 actuacións entre as xa executadas e operativas (cun investimento de 23,9 M€), as que se atopan actualmente en obras (32,2 M€) e as que están en fase de licitación (31,3 M€) ou pendentes de trámites previos (38,9 M€). Así se recolle no informe de Augas de Galicia do que tomou razón hoxe o Consello e que recalca que non se trata só de construír ou modernizar depuradoras de aquí a 2030, senón de abordar as necesidades de forma integral para garantir a calidade das augas e apoiar aos concellos na preparación dos seus sistemas para afrontar os próximos retos ambientais e enerxéticos.

Nos últimos anos o organismo hidráulico empezou a analizar as necesidades municipais de saneamento con este novo enfoque e, de feito, a planificación recollida no informe – sobre todo, no caso das novas actuacións a executar– xa foi concibida co fin de avanzar nun modelo de depuración integral que teña en conta cada sistema ao completo. É dicir, incluíndo a súa explotación a futuro e o seu impacto sobre os ríos e rías que reciben as augas tratadas, en lugar de limitarse a analizar só o funcionamento das depuradoras.

Ademais e como novidade, Augas de Galicia incorpora tamén unha nova liña de traballo para que a eficiencia e a neutralidade enerxética das propias instalacións se teñan en conta como unha dimensión máis do proceso de depuración. Non en balde, as depuradoras teñen un volume de consumo enerxético diario –para bombear, alear,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tratar e controlar a auga residual— que fai necesario incorporar medidas orientadas a que consuman menos, funcionen mellor, sexan máis eficientes e produzan parte da enerxía que precisan mediante fontes renovables e aproveitando recursos propios (como lodos ou biogás).

En concreto e tendo en conta ese novo enfoque integral, o paquete de intervencións deseñado por Augas de Galicia inclúe a construción de novas estacións depuradoras de augas residuais (EDAR), ampliacións e melloras tecnolóxicas de instalacións xa existentes, proxectos para reforzar tratamentos secundarios e terciarios, melloras na liña de lodos, medidas de dixitalización e de control dos procesos.

Así, das actuacións en execución destaca a EDAR de Foz, que, cun orzamento de 14,1 M€, é o exemplo máis claro de intervención integral en saneamento, xa que se integra nunha actuación máis ampla que inclúe tamén os colectores xerais, bombeos e regulación de caudais. Na mesma liña, a ampliación da depuradora de Sada (11,8 M€), tamén en obras, suporá un reforzo na mellora do tratamento e na capacidade para asumir maior carga.

Outro exemplo de ampliación e mellora das infraestruturas xa existentes é a intervención proxectada na actual EDAR de Vilagarcía de Arousa, cuxos traballos de execución foron licitados hai uns meses e serán adxudicados moi pronto. Trátase da actuación de maior calado en materia de depuración das incluídas neste informe tendo en conta o seu custo estimado (31,3 M€) e a poboación que se verá beneficiada na ría de Arousa.

Ademais, Augas de Galicia xa está en disposición de asinar o convenio de colaboración que permitirá executar a nova depuradora de Cee e Corcubión. Cun investimento estimado en 13,9 M€, permitirá ao mesmo tempo mellorar a calidade das augas e cumprir as exixencias da Unión Europea neste eido.

Por último, o informe recolle as catro actuacións hidráulicas executadas nos últimos anos cunha visión integral sobre o funcionamento dos sistemas. Trátase das EDAR de Soutomaior, Vilaboa e Tragove, nas se reforzaron os tratamentos para limpar mellor a auga; e a EDAR de Praceres, na que se acometeu unha completa mellora da explotación e da xestión dos lodos para reducir incidencias e reforzar o control dos procesos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTA CUNHA ESTRATEXIA DE PREVENCIÓN E RESPONSA ANTE EPISODIOS DE SECA BASEADA NA MELLORA DA EFICIENCIA DAS REDES DE ABASTECIMENTO E NO SEGUIMENTO PERMANENTE DOS RÍOS E ENCOROS

- Rueda destaca que, nos últimos anos “destináronse máis de 16 M€” aos concellos para avanzar na dixitalización dos sistemas de cara a detectar con antelación problemas nos depósitos, perdas, avarías ou consumos anómalos
- Reducir e controlar as perdas constitúe unha das medidas máis eficaces para reforzar a garantía do abastecemento e reducir a diferenza entre a auga que entra no sistema e a que figura como subministrada á cidadanía
- O organismo hidráulico tamén leva investidos 4,5 M€ nos encoros de titularidade autonómica co fin de garantir a eficiencia no almacenamento da auga e, a maiores, colabora co Instituto Xeolóxico e Mineiro de España para mellorar o coñecemento das augas subterráneas da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa
- A través da Oficina Técnica da Seca realízase un seguimento continuo das precipitacións, as temperaturas, os caudais dos ríos e o estado dos encoros para determinar a adopción das medidas máis convenientes desde o punto de vista técnico

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello realizou hoxe un balance da estratexia que ten en marcha o Goberno autonómico para a prevención e resposta inmediata ante episodios de seca. Unha estratexia que, segundo explicou, céntrase “no seguimento permanente dos ríos e encoros co fin de detectar anticipadamente as tendencias desfavorables” e na adopción das medidas necesarias en cada momento, así como “no apoio aos concellos” para melloras na súas redes de abastecemento.

Así, o Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre as medidas adoptadas por Augas de Galicia neste eido e que pon o foco no traballo realizado polo organismo hidráulico á hora de promover que as entidades locais poidan prepararse con antelación para afrontar posibles problemas de abastecemento e actuar de forma ordenada ante os retos que supón o cambio climático no que atinxe á xestión da auga.

Tal e como resaltou o presidente, “a Xunta leva mobilizados máis de 16 millóns de euros nos últimos anos” en diferentes “liñas de axudas aos concellos” tanto para elaborar os plans municipais de emerxencia ante situacións de seca como para mellorar as redes de abastecemento. Estes apoios centráronse sobre todo no financiamento de auditorías para identificar perdas e executar actuacións para reducilas, así como na instalación de contadores municipais e estacións de monitorización dixital que permiten controlar en tempo real o estado das instalacións, a calidade da auga, o consumo enerxético ou as posibles incidencias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre indicar que a aposta pola dixitalización dos sistemas de abastecemento é clave neste contexto na medida en que permite detectar as perdas, as avarías, os consumos anómalos ou os problemas nos depósitos e nas redes. Así, pásase dunha xestión baseada en revisións puntuais a unha xestión preventiva e baseada en datos en tempo real.

O informe elaborado por Augas de Galicia subliña que reducir e controlar as perdas é precisamente unha das medidas máis eficaces para reforzar a garantía do abastecemento. Neste sentido, os datos que manexa o organismo hidráulico no referido á cantidade de auga que entra nos grandes sistemas de abastecemento municipais e a que figura como subministrada apuntan a unha diferenza de arredor de 26,4 millóns de metros cúbicos entre ambos indicadores.

Trátase dunha diferenza do 17,8% -equivalente a case un de cada cinco litros- que se ben non se corresponde na súa totalidade con fugas físicas, si permite identificar a dimensión do reto e a necesidade de mellorar tanto a medición como a eficiencia das redes.

A maiores das liñas de apoio aos concellos no eido do abastecemento, a Xunta tamén realiza un importante investimento nos encoros de titularidade autonómica para garantir a súa seguridade, o seu bo funcionamento e a súa eficiencia no almacenamento da auga. En concreto, nos últimos anos investíronse 4,5 millóns de euros nas presas de Eiras, Baiona, O Con e Caldas de Reis a través de diferentes contratos de explotación, conservación e mantemento destas infraestruturas.

Coa mirada posta no futuro, Augas de Galicia está así mesmo colaborando co Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME-CSIC) para mellorar o coñecemento das augas subterráneas da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa. O obxectivo concreto é identificar as zonas con maior potencial hidroxeolóxico que poden resultar especialmente útiles para os pequenos sistemas de abastecemento, o rural disperso e como apoio complementario durante episodios de escaseza.

Plan especial de seca e situación actual

A Xunta conta cun Plan especial de seca da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado en 2022, que permite actuar de forma anticipada ante situacións de falta de auga. Unhas actuacións que veñen determinadas polo seguimento continuo das precipitacións, as temperaturas, os caudais dos ríos, o estado dos encoros e as posibles incidencias nos sistemas de abastecemento.

Esta información analízase no marco da Oficina Técnica da Seca, un órgano de coordinación no que participan Augas de Galicia, MeteoGalicia, Protección Civil e as consellerías de Sanidade e Medio Rural e que é o encargado de elaborar informes periódicos sobre a evolución dos indicadores de seca e escaseza, así como un boletín hidrolóxico semanal dos encoros de abastecemento.

O presidente indicou que, actualmente, a situación xeral da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa "é de normalidade" desde o punto de vista da seca prolongada. Ademais,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

os encoros destinados ao abastecemento nesta demarcación situábanse na semana pasada conxuntamente "ao 86,52 % da súa capacidade". Non obstante, resulta necesario manter o seguimento estreito da evolución durante os próximos meses de cara a adoptar as medidas máis convenientes desde o punto de vista técnico en cada momento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETARÁ ESTE ANO O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 30 M€ NA DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO DO HOSPITAL PÚBLICO NOVO MONTECELO

- O Goberno galego tramitará as licitacións pendentes para adquirir o equipamento electromédico, os sistemas informáticos e mobiliario clínico para o centro hospitalario
- Este mes de xullo o Servizo Galego de Saúde tamén iniciará a contratación do traslado á nova infraestrutura sanitaria
- A fase inicial de equipamento xa supuxo un investimento de 21,7 M€ para dotar o Novo Montecelo con equipamento estratéxico e de alta tecnoloxía
- O investimento neste ano 2026 será de 10,3 millóns de euros

A Xunta de Galicia, a través do Servizo Galego de Saúde, completará neste ano o investimento de máis de 30 millóns de euros na dotación de equipamento para o Hospital Público Novo Montecelo de Pontevedra.

O Consello da Xunta abordou esta mañá o informe presentado polo Servizo Galego de Saúde no que se detalla o avance no cumprimento da planificación para o equipamento do novo hospital, na que está previsto que, en 2026, se invistan 10.351.093 euros.

Así, durante o presente ano licitaranse os sistemas de anestesia (298.870 €), as salas de broncoscopia e láser CO2 (654.731 €), novo equipamento de radioterapia-inmobilización (292.559 €), diferente mobiliario xeral e de oficina (3.600.000 €) e os seus equipos de informática e sistemas de información (4.816.000 €).

Ademais, cómpre destacar que durante o presente mes de xullo o departamento sanitario da Xunta tamén licitará o contrato de servizos para a planificación e execución de traslado definitivo ao novo hospital, cuxo importe de licitación ascenderá ata os 688.933 euros.

Alto grao de execución do Plan de investimentos

En setembro do ano 2024, o Executivo galego aprobaba o Plan de investimentos da fase inicial do Hospital Novo Montecelo, consignando una partida de 30.000.000 euros para a dotación e instalación dos seus equipos.

Así, e segundo recollía o cronograma elaborado pola Xunta, durante o período que abrangue os anos 2024 e 2026, levouse a cabo a tramitación de diversos expedientes de dotación de equipamento para poñer en marcha aqueles servizos asistenciais cuxos equipos de alta tecnoloxía requiren dunha complexa instalación, como é o caso de radioloxía, oncoloxía radioterápica ou medicina nuclear.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Do mesmo xeito, durante este período de tempo tamén se dotou o centro hospitalario pontevedrés cunha nova central de esterilización, un sistema de control e xestión da imaxe en quirófano, unha nova cociña hospitalaria, equipos de robotización e os sistemas de automatización do almacenamento e dispensación de farmacia hospitalaria.

No seu conxunto, o investimento realizado para adquirir este material durante os anos 2024 e 2025 (contratos executados ou en execución), ascende a un total de 21.700.686 euros.

A Xunta acada un alto grao de execución do Plan de investimentos da fase inicial do Hospital Novo Montecelo, restando soamente a tramitación do equipamento electromédico, do mobiliario e das infraestruturas TIC que se anunciaron hoxe e cuxo importe de licitación ascenderá até os 10.351.093 euros.

Con este avance, o Goberno galego cumpre cos prazos e os investimentos comprometidos para dotar a área sanitaria de Pontevedra e O Salnés dun complexo sanitario moderno e eficiente co que facer fronte aos retos que presente o futuro.

A previsión é que o Novo Hospital Montecelo se poña en funcionamento de forma progresiva, comezando este mesmo ano con radioterapia, evitando desprazamentos aos pacientes oncolóxicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE A XUNTA FACILITARÁ O COÑECEMENTO DAS PROHIBICIÓNS DE CONSUMO DE ALCOHOL, BEBIDAS ENERXÉTICAS, TABACO E CIGARROS ELECTRÓNICOS POR MENORES CON SINALIZACIÓN CLARA E HOMOXÉNEA

- Salienta que o Consello avalía a elaboración da orde que regulará os modelos oficiais, que concretarán como deben ser os carteis e onde colocalos
- A sinalización oficial estará accesible na web da Consellería de Sanidade para favorecer a información entre os sectores económicos implicados
- “O obxectivo é contar cunha única sinalización en Galicia”, indicou o presidente
- Todos os locais que vendan este tipo de produtos deberán contar con estes carteis
- Trátase do desenvolvemento da Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención de condutas adictivas coa que Galicia foi pioneira no Estado fronte ao consumo de novos produtos como os vapeadores ou as bebidas enerxéticas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu o visto e praxe ao inicio da tramitación da orde “que vai regular tanto os carteis oficiais sobre as prohibicións de consumo de alcohol, bebidas enerxéticas ou vapeadores entre os menores de idade como os lugares nos que deben estar colocados”.

Trátase de seguir avanzando na difusión e o coñecemento das novas medidas recollidas na Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención de condutas adictivas, grazas á que “Galicia foi a primeira comunidade en España en prohibir o consumo de bebidas enerxéticas entre os menores”.

O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe da Consellería de Sanidade sobre a elaboración da orde pola que se regulará a sinalización vencellada a esta lei e que, antes da súa aprobación, será remitida ao Consello Consultivo para a súa toma en consideración.

Deste xeito, o Goberno galego pretende evitar distintas interpretacións da norma sobre como deben ser os carteis e onde colocalos para a correcta información á cidadanía. Para iso, os carteis oficiais estarán accesibles na web da Consellería de Sanidade para facilitar o seu uso polos sectores económicos implicados.

No ámbito da saúde pública, a prevención comeza pola información e por iso regularase a sinalización relativa tamén á prohibición do acceso de menores a centros de produción de bebidas alcohólicas, a limitación de acceso de menores de 16 anos a determinados espazos de lecer e a información sobre para que idades están clasificados os videoxogos á disposición dos consumidores.

Os carteis deberán ser permanentes, escritos en galego e castelán e cun tamaño mínimo de DIN A4 e ser visibles tanto desde o exterior como desde o interior. Tal e como

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

explicou o presidente, o obxectivo é que exista “unha única sinalización en toda Galicia” que deberán usar en todos os locais que vendan este tipo de produtos como supermercados, bares, estancos ou tendas de videoxogos.

As medidas da Xunta promoven contornas saudables para a infancia e a adolescencia. Así, Galicia converteuse este ano na primeira comunidade autónoma que toma medidas ante novas formas de consumo de risco para a saúde da xuventude e foi pioneira ao prohibir o consumo de bebidas enerxéticas ou vapeadores por menores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON CASE 2,5 M€ 56 CENTROS COMERCIAIS ABERTOS E CATRO FEDERACIÓNS DO SECTOR PARA GARANTIR A DINAMIZACIÓN E COMPETITIVIDADE DO COMERCIO LOCAL

- O Consello de goberno coñeceu hoxe senllas resolucións de axudas de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que teñen como obxectivo final aumentar as vendas no comercio de proximidade e que se publicarán mañá no DOG
- No caso da de centros comerciais abertos, increméntase o número de entidades beneficiarias e fináncianse cinco novas campañas extraordinarias —en Boiro, Marín, Redondela, Viveiro e Verín—, cun montante total superior aos 2,35 M€
- En relación ao programa de dinamización comercial dirixido a federacións e asociacións de comerciantes de ámbito supramunicipal, concedéronse catro achegas —dúas sectoriais e dúas territoriais— por un importe total próximo aos 117.000 €
- Ambas as convocatorias encádranse no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que persegue acadar un sector competitivo, forte, moderno, sostible, atractivo e de calidade, cun orzamento global de 320 millóns de euros

O Consello da Xunta coñeceu hoxe senllas resolucións de axudas de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración —dirixidas aos centros comerciais abertos e ás federacións e asociacións de comerciantes de ámbito supramunicipal— que suporán destinar un importe total próximo aos 2,5 M€ á dinamización do comercio local e que se publicarán mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). O obxectivo final é incrementar as vendas nos establecementos de proximidade mediante actuacións e campañas que impulsen o consumo, aumenten a competitividade do sector e dean resposta ás necesidades das persoas consumidoras e usuarias, ao tempo que se contribúe a xerar puntos de atracción comercial nas vilas e cidades galegas.

No caso das achegas aos CCA, elévase a 56 o número de entidades beneficiarias e fináncianse cinco novas campañas extraordinarias —das solicitudes mellor puntuadas—, cun montante total superior aos 2,35 M€. Canto ao outro programa, distribúense preto de 117.000 euros entre catro concesións, dúas sectoriais e dúas territoriais.

Centros comerciais abertos

As 56 axudas aprobadas para asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro de cara á dinamización do comercio local e a revitalización dos centros comerciais abertos distribúense en 24 concesións para a provincia de Pontevedra, 18 na da Coruña, 8 na de Lugo e 6 en Ourense. Incorpóranse catro novas entidades beneficiarias: a Asociación de Empresarios de Pontevedra, a Asociación de Comerciantes e Industriais de Tui, a Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Burela e a Asociación de Empresas e Comercios Prolimia.

A maiores, preto de 100.000 euros destinaranse ás cinco asociacións mellor puntuadas, para que realicen campañas extraordinarias. En concreto, a Asociación Boirense de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Empresarios e Profesionais Autónomos celebrará en setembro unha gran partida do comercio inspirada no xogo do Monopoly, mentres a Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín desenvolverá en outubro a súa proposta *Que é un comercio*, especialmente dirixida ás familias e novas xeracións.

No que respecta á Asociación de Empresarios de Redondela, a campaña *Redondela no camiño* porá en valor en setembro a posición estratéxica a nivel comercial de Redondela, como punto de confluencia das dúas variantes do Camiño Portugués: a Central e a da Costa. Pola súa banda, a Asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro promoverá entre setembro e outubro a campaña *Viveiro conta e o seu comercio tamén*, e por último, o Centro Comercial Urbano Aever impulsará na primeira semana de outubro a *Gala do comercio local de Verín*.

Cómpre lembrar que, para optar ás achegas, as agrupacións debían presentar un mínimo de seis campañas que inclúsen a participación directa dos comercios asociados e das persoas consumidoras, así como a programación de accións formativas. Ademais podían propoñer outras actuacións complementarias orientadas á fidelización e á mellora dos servizos para a clientela, incorporando como novidade nesta epígrafe na edición deste ano os servizos de ludoteca e espazos de lecer infantís.

Federacións ou asociacións de comerciantes de ámbito supramunicipal

No marco do programa de dinamización comercial dirixido a federacións e asociacións de comerciantes de ámbito superior ao municipal, resultaron beneficiarias a Federación de libeiros de Galicia e a Federación galega de asociacións e gremios de xoieiros, reloxeiros e prateiros, ademais da Mariña Federación e do Consorcio do Comercio do Salnés. Neste caso, as entidades presentaron catro accións de dinamización cada unha, entre campañas e eventos para dar pulo ás vendas ou á súa imaxe e visibilidade.

Cabe engadir que ambas as convocatorias se encadran no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que persegue acadar un sector competitivo, forte, moderno, sostible, atractivo e de calidade cun orzamento global de 320 M€. Dentro dos tres eixes de actuación que establece —que se vertebran en 16 medidas e se concretan en 74 accións—, as dúas ordes enmárcanse no segundo, centrado na dinamización e visibilidade do comercio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PLAN MARLIMPO HORIZONTE 2030 PERMITIU A RETIRADA DE 478 TONELADAS DE LIXO MARIÑO, CONSOLIDÁNDOSE COMO UNHA FERRAMENTA CLAVE DE APOIO AO MARISQUEO

- O programa posto en marcha no 2020 mobilizou a máis de 700 profesionais do mar, que realizaron unhas 369 limpezas
- A convocatoria 2026-2027, dotada con 1,275 M€, permitirá desenvolver 17 novos proxectos
- Con esta iniciativa, a Xunta reforza o seu compromiso coa protección do medio mariño, favorecendo a implicación do sector na preservación dun recurso estratéxico para Galicia

O Consello da Xunta tomou coñecemento hoxe dun informe da Consellería do Mar sobre o balance e o desenvolvemento do Plan Marlimpo Horizonte 2030, a iniciativa impulsada polo Goberno galego para favorecer a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos e de arribazóns de algas coa participación das persoas pescadoras e mariscadoras.

O documento pon de manifesto a consolidación deste programa, iniciado no 2020, e cofinanciado polos Fondos comunitarios Femp e Fempa, como unha ferramenta de referencia para avanzar na conservación do medio marítimo e na sustentabilidade da actividade pesqueira e marisqueira, ao tempo que promove a implicación directa do sector na mellora do estado ambiental do litoral galego.

Deste xeito, ao abeiro del, e desde a súa posta en marcha, realizáronse 369 limpezas, nas que se retiraron 478 toneladas de lixo mariño, coa participación de máis de 700 persoas mariscadoras e 30 embarcacións. Ademais, desenvolvéronse 211 accións de formación e sensibilización, contribuíndo a incrementar a concienciación ambiental tanto entre os profesionais do mar como no conxunto da cidadanía. O desenvolvemento desta iniciativa conta cun plan financeiro total de 4 millóns de euros, dos que 1.275.000 se puxeron á disposición do sector na convocatoria 2026-2027.

Máis proxectos e maior participación do sector

O informe destaca o incremento do interese do sector por estas axudas. Así, para este 2026, a Consellería do Mar recibiu 22 solicitudes, fronte ás 19 rexistradas na edición anterior, das que resultaron beneficiarios 17 proxectos, practicamente o dobre dos apoiados na convocatoria anterior (2024-2025).

Dos proxectos concedidos, nove céntranse exclusivamente na retirada de lixo mariño, catro na recollida de algas e outros catro combinan ambas as actuacións, adaptándose ás necesidades dos distintos bancos marisqueiros e zonas costeiras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Protección ambiental e apoio ao sector

O Plan Marlimpo enmárcase na prioridade do Programa Fempa 2021-2027 destinada a contribuír á protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas acuáticos. Ademais da retirada de residuos mariños, incorpora actuacións para combater os efectos das arribazóns de algas sobre os bancos marisqueiros, unha problemática que nos últimos anos afecta de maneira recorrente distintas zonas do litoral galego.

As axudas están dirixidas a confrarías de pescadores, organizacións de produtores, cooperativas do mar e outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, co obxectivo de impulsar actuacións de interese colectivo que contribúan á mellora do estado ambiental das rías, á conservación dos recursos mariños e ao desenvolvemento sustentable da actividade pesqueira e marisqueira.

Con esta iniciativa, a Xunta reforza o seu compromiso coa protección do medio mariño e coa conservación dos ecosistemas costeiros, favorecendo a implicación activa do sector na preservación dun recurso estratéxico para Galicia.